

CARNOTA, A SÚA PRAIA E OS SEUS HÁBITATS, E O TURISMO



© Xabier Vila-Coia

Setembro do 2017

CARNOTA, A SÚA PRAIA E OS SEUS HÁBITATS, E O TURISMO

Estiven percorrendo esta peculiar zona da Costa da Morte do día domingo 20 de agosto de 2017 ao xoves día 24, e o que observei foi desolador e incomprendible na época na que estamos. Incomprendible porque Carnota (a súa praia, dunas, regatos e marismas) están incluídos na **REDE NATURA 2000**, a recoñecida rede ecolóxica de ámbito europeo para a conservación da biodiversidade, e declarada, xunto co Monte do Pindo, "**Zona Especial de Conservación**" (ZEC) dos seus hábitats e especies polo Decreto 37/2014, de 27 de marzo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia.

Non son especialista na materia, motivo polo que non podo valorar tecnicamente a financiación necesaria ou concedida para asumir os costes de mantemento desta ZEC, e tampouco o nivel de colaboración entre as diferentes administracións estatais (Concello de Carnota, Xunta de Galicia e Goberno de España) e europeas (Comisión Europea), para conseguir alcanzar os obxectivos programáticos establecidos nas Directivas da CE, relativas á preservación dos hábitats e ecosistemas naturais, e a fauna e flora silvestres. Porén, si estou capacitado para analizar os resultados empíricos, visibles a simple vista, da acción directa da actividade humana no medio natural. Como adianto no título, neste traballo procederei a comunicar a degradación incipiente e crecente que constatee, como mero paseante, na praia de Carnota e no seu entorno, unha das áreas da referida **Zona de Especial Conservación Carnota-Monte do Pindo**, provocada polas persoas que acoden a ela como turistas; ben para tomar o sol, bañarse, practicar o *windsurfing* ou calquera outro quefacer propio dos que disfrutan das súas vacacións e afeccións.

É inevitábel que o meu testemuño sexa sucinto, e que tanto no texto coma nas imaxes non se recolla o verdadeiro estado de deterioro progresivo desta ZEC, entre outras razóns porque a única forma de perceber o seu estado real é indo *in situ* a comprobalo. É porque nunha descrición ese deterioro soamente se pode amosar de xeito parcial, non no seu conxunto.

Segundo o relato dun dos meus informantes, semella que o comezo da afluencia de turistas aconteceu a partir da contaminación provocada polo afundimento do petroleiro Prestige, en novembro do ano 2002. Os voluntarios que foron retirar o chapapote á praia de Carnota souberon da súa existencia, ficaron encantados ca beleza da paisaxe e propagaron a boa nova, boca a boca e a través de internet. Este proceso foi medrando co transcurso do tempo, e así continúa ano tras ano. Eu verifiquei un gran malestar entre a poboación por este feito pois o afluxo de visitantes, non sendo masivo, altera non só a natureza senón tamén a vida dos residentes. Un dos fenómenos que máis malestar xera é a **abundancia de autocaravanas**, debido a que estacionanse sen orde nin concerto e os ocupantes fan as necesidades fisiolóxicas nos campos propiedade dos veciños. La Voz de Galicia publicou o día 21 de agosto, na edición de Barbanza, unha noticia facéndose eco deste problema:

La afluencia de autocaravanas genera quejas en Carnota

El bum que ha experimentado el turismo de autocaravanas en Carnota está generando problemas y quejas por parte de residentes que señalan que la elevada presencia de este tipo de vehículos en las playas no deja espacio en los aparcamientos. Ayer mismo, se contabilizaban cerca de medio centenar de casas rodantes en la playa de Maceiras.

Fuentes de la Policía Local reconocían que se están dando problemas de convivencia y que realizan rondas por las playas advirtiéndolo a los autocaravanistas que pueden aparcar, pero no acampar. Asimismo, abogan por regular esta práctica con una ordenanza.

No século XXI, a mellor maneira de que un paraxe natural se conserve é que o ser humano non teña noticia da súa existencia; mais unha vez descuberto, a súa preservación pasa necesariamente pola implementación de medidas legais conducentes a restrinxir o número de persoas que o visitan, e as actividades que se desenvolven nese espazo. Na década de 1980 a praia de Carnota e os seus arredores era un lugar case virxe. Por non ter non é que non tivera apenas visitantes; non tiña nin pegadas na area. Hoxe a situación mudou bastante; para mal. Para mal das especies animais e vexetais, do areal, das penas e do mar; para mal da maioría.

Ultimamente, políticos e expertos en variadas materias teñen escrito e falado sobre o gran avance que supón a “democratización” das viaxes e do turismo. Estes actores están a mal empregar un termo derivado dun concepto fundamental na ciencia política, recollido na palabra “Democracia”, de tal maneira que fan un uso interesado e perverso del. A democracia, en sentido estrito, non é máis que un procedemento de elección de representantes políticos nos que se considera depositada a soberanía popular. Trátase dun sistema de goberno da maioría que respecta ás minorías. O erro destes actores consiste en equiparar a “democratización” (implantación da democracia onde non a había), á “masificación”, que é outra cousa e produce efectos ben diferentes: a primeira constrúe; a segunda destrúe.

Por este motivo, as estratexias de conservación teñen que resolver a dicotomía: **Protección ou barbarie**. Porque xa Ortega y Gasset en “La rebelión de las masas” (1929), advertira de que o home medio considérase a si mesmo un ser ao que todo lle está permitido e que a nada está obrigado, ao que non lle preocupa nada máis que o seu benestar e satisfacer as súas crecentes necesidades. Porén, estas necesidades —engado eu reinterpretando as ideas de Adorno e Horkheimer, plasmadas no seu recoñecido texto “Kulturindustrie” (A Industria Cultural) do ano 1944—, no referente ao lucro da industria turística non as inventa el mesmo; son creadas pola publicidade, que actúa como estimulante do desexo e do consumo, elementos fundamentais da lóxica de maximización do beneficio e de continua apertura de novos ámbitos de negocio inherentes ao capitalismo avanzado. Procesos promovidos tamén polas administracións públicas, estatais e europeas.

Así o fai, por exemplo, o Concello de Carnota na publicidade institucional (subvencionada pola Deputación da Coruña) dos sitios relevantes do pobo (praia e hórreo), onde xunto a dúas fermosas imaxes deles emprega o lema **“Aínda existe un lugar que tes que descubrir”**. Terían podido perfeccionalo, posto que trátase dunha ZEC, talvez diste modo: **“Aínda existe un lugar que tes que descubrir; e coidar”**. Amosarían unha sensibilidade cuxa falla é indesculpábel no tema que estou a considerar.

Gústenos ou non, incluso en democracia, todo ten un límite. Até o *sagrado* dereito á liberdade de expresión e información comporta certas restricións si o seu exercicio lesiona dereitos fundamentais dos cidadáns. Sendo isto así, ¿como non vai ter límites o turismo cando sexa necesario? Non soamente por un exceso de visitantes a un determinado emprazamento, senón tamén cando o lugar visitado, polas súas especiais características, o requira; independentemente da cantidade de persoas que acudan a el. Neste senso, a educación (e o control) da xente é transcendental dado que **cen vándalos poden provocar un estrago maior que dez mil persoas respectuosas**. Por iso é oportuno salientar aquí dúas experiencias que vivín durante a miña estancia en Carnota. Na primeira, unha nena pretendía baixar ao regato que discorre por debaixo da plataforma de aproximación á praia para coller uns cangrexos. A falta de quen o fixera, fun eu o que tivo que informala de que non estaba permitido meterse na auga nese sitio, nin levarse nin matar aos animais. Na segunda, no mesmo regato, unha nai de familia dirixíndose á súa prole pronunciou a seguinte frase: “Joé, podíamos hacer un libro con tanto bicho que hemos visto”.

Hai que concienciar aos cidadáns, ás administracións, aos políticos, aos propietarios do capital e aos aspirantes a selo, de que un espazo de interese natural, ou unha cidade histórica, non son un parque temático onde vai un consumir e entreterse (como está a suceder en Compostela e no seu milenario Camiño, e en Barcelona); senón que a visita a estes lugares, verdadeiras riquezas de e para toda a humanidade, ten que ser o oposto dun acto consumista; ten que ser, e é, unha vivencia persoal senlleira. Porque no caso contrario **as dinámicas turísticas, sexan concibidas como servizo ou como industria, destrúen o medio natural e a identidade de vilas, cidades, pobos e culturas**.

O que veño de sinalar lévame a comentar outra deficiencia que observei: **a inexistencia de cartaces aconsellando certas conductas e prohibindo outras, e a falta de vixiantes e de imposicións de sancións aos que incumpran as normas establecidas para a conservación dos ecosistemas terrestres e acuáticos propios da zona**. É inevitábel prohibir, por exemplo, apañar cangrexos e outras especies do río, o mar, a terra ou o ar; tirar papeis, latas, envases, tapóns, cabichas..., en todo o territorio protexido, e en calquera outro anque non o estea, o cal tería que ser un comportamento cívico habitual. Aconsellar, por outra banda, **evitar a contaminación acústica** como a producida por algúns turistas (nunca fora mellor empregado o termo), que chegan ao aparcadoiro coa música da radio do coche a todo volume, perturbando os silencios e os sons característicos destes hábitats e o benestar das especies que moran neles. Eu tan só ollei un cartaz informando do “Plan de conservación da pillara das dunas”, moi interesante, por certo, pero está colocado nun lugar afastado e, inda por riba, impídese chegar a el mediante unha fita cuxa existencia non acabo de comprender.

¡Véxase a imaxe da penúltima páxina deste informe! Nela non pode pasar desapercibido que, aínda que estaba fechado, haxa nesa localización un posto de venda de xeados, pois os seus envoltorios constitúen uns dos elementos contaminantes que máis abundan en toda a área protexida.

Á pregunta que fixen a veciños de Carnota sobre o motivo polo que no pobo en xeral, e na banda da praia en particular, hai tanto lixo, un tralo outro respondéronme o mesmo: débese á falla de diñeiro. E aproveitaban para queixarse do actual alcalde, dos seus antecesores e dos políticos no seu conxunto: **“Nada máis están para gañar cartos e non fan nada”**. Dende logo, non deixa de ser unha contradición que tendo aumentado o turismo, o Concello careza de ingresos suficientes para retirar os desperdicios que aquel xera. Sen esquecer que, como quedou evidenciado polo amosado até agora, **o obxectivo último non é deixar que os visitantes ensucien e contaminen e logo arranxar a desfeita, senón todo o contrario: é evitar, por todos os medios, que isto aconteza**. As ZEC teñen que manterse limpas coma unha patena para impedir que os seus hábitats detúrpense, québrese a súa hemostase, e rematen desaparecendo.

Relacionada con esta cuestión, no suplemento de La Voz de Galicia, “La Voz de Barbanza”, do día mércores 23 de agosto do 2017, publicouse a seguinte noticia:

Carnota busca voluntarios para el cuidado del litoral

El Concello de Carnota, que el año pasado fue catalogado como entidad de acción voluntaria, ha lanzado un llamamiento a nivel local a los jóvenes de entre 16 y 30 años (la franja de edad que entra dentro del plan de Garantía Juvenil) para que se sumen a una campaña medioambiental que se llevará a cabo antes de que finalice el verano.

El objetivo es reclutar a un grupo de unas ocho personas, que se encargarán de realizar distintas labores para el cuidado del litoral, como son la limpieza del sistema dunar y la marisma carnotana, recogida de residuos en el final de esta y en los regatos, así como desbroces y mantenimiento de la vegetación. Tras ello, se hará una exposición fotográfica en la que se mostrará el antes y el después. Para participar, deben llamar al 981 857 032.

O inconcibíbel é que o mantemento nun estado óptimo dos areas da praia, do complexo dunar, das marismas e dos regatos dunha Zona de Especial Conservación, recaia baixo a responsabilidade dun pequeno grupo de voluntarios sen cualificación específica para o labor que van desempeñar, e que este teña lugar soamente ao remate da tempada de verán. É inconcibíbel, entre outros motivos non menos importantes, porque unha parte considerábel do lixo (principalmente o de pequeno tamaño: tapóns, cabichas e similares; pero tamén os panos de papel e algúns plásticos), enseguida agóchase na area e baixo a terra e o lodo das zonas húmidas, sendo entón case imposíbel miralo e retiralo, ficando alí até que de xeito espontáneo reapareza en calquera momento; ás veces cedo; ás veces tarde ou nunca. Estes labores de limpeza teñen que ser realizados por profesionais remunerados, que coñezan cal é a frecuencia conveniente para levalos a cabo sen danar os biotopos e, ao mesmo tempo, impedir que os desperdicios permanezan definitivamente neles.

Os galegos temos que concienciarnos de que é preciso poñer en valor o noso patrimonio histórico-cultural e natural; agora ben, iso non consiste en deixalo arrasar por aqueles que van visitalo a cambio dun certo beneficio económico para uns cantos; ou para moitos. Ao contrario, estriba en coidalo, agarimalo e protexelo para que perdure indefinidamente no seu estado orixinal, ou que, en todo caso, sexan os sucesos imponderábeis ou a evolución natural os que provoquen a súa mudanza ou extinción. Eu estou convencido de que se a praia de Carnota e os seus arredores estiveran en Francia, Alemaña ou os Estados Unidos, xa tería recoñecido o estatus de protección que merece e necesita de forma imperiosa. Sen dúbida, similar ao das illas Cíes.

As fotografías dos anexos deste traballo foron tomadas no acceso no que desemboca o camiño asfaltado que discorre á beira da igrexa de Santa Comba. Non visitei as outras entradas á praia (Boca do río, Maceiras...), pero o máis probábel é que o seu estado sexa similar; ou peor. Nelas móstranse elementos contaminantes en varias localizacións que representan unha pequena parte da ZEC, unha das máis concorridas: no areal da praia nun radio de trescentos ou catrocentos metros á esquerda de punto de entrada, no complexo dunar próximo á plataforma que conduce á praia, e nas xunqueiras adxacentes a dita plataforma e ao camiño.

Sen levar a cabo un cálculo preciso, de maior a menor abundancia, estes son os residuos que achei:

Papeis: restos de panos e toallíñas, follas de xornais, cueiros.

Plásticos: botellas, recipientes de xeados, tapóns, etc.

Latas de refresco de diversas marcas.

Envoltorios: sucos, doces, xeados, etc.

Cabichas.

Paquetes de tabaco (algúns xa descorados pola luz do sol).

Finalizo as miñas observacións e reflexións acerca da Zona de Especial Conservación Carnota-Monte do Pindo, cunha derradeira consideración persoal: **a riqueza cumpre o enunciado do primeiro principio da termodinámica, posto que, como a enerxía, non se crea nin se destrúe; transfórmase.** En consecuencia, a riqueza dos espazos naturais, sometida á cobiza dos homes, transfórmase (e desaparece como tal) en riqueza de capital. Ven a ser, xa que logo, como espir a un santo cuxa advocación socorre á maioría (conformada polos factores abióticos e bióticos dos ecosistemas, incluídos os seres humanos integrados tradicionalmente neles), para vestir a outro, benfeitor dunha minoría.

ANEXO FOTOGRAFICO I

Protección





















ANEXO FOTOGRAFICO II

Barbarie















DE WAK

011006





















▲ Praia de Carnota

Plano de recuperação da praia de Carnota



